

Código do documento	Código do expediente
<b>USGXI0016</b>	<b>USG/2013/13</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5R4Q 590G 545N 135A 0CZE	

**PILAR MARÍA PASTOR NOVO SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CULLEREDO, PROVINCIA DA CORUÑA**

**CERTIFICA:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada en data vinte e oito de xaneiro de dous mil trece adoptou o acordo que transcrito literalmente di:

**"2.- PROPOSTAS.**

**2.1.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDAA DOMICILIO.**

A Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta da alcaldía, de data 18 de xaneiro de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Contratación na sesión de 24 de xaneiro de 2013, que transcrita literalmente di:

"Unha vez que se examinou o expediente que se tramitou para a contratación da execución das xestión do servizo público de axuda a domicilio (modalidade concesión), a adxudicar mediante procedemento aberto, con multiplicitade de criterios de valoración.

**ANTECEDENTES**

C.I.F. P-1503100-H

1. O 15 de outubro de 2012 a xunta de goberno local, por delegación do pleno, aprobou o expediente para a contratación da xestión do servizo, estableceu procedemento para a adxudicación deste contrato, e dispuxo a apertura do prazo de presentación de ofertas a partir da publicación do correspondente anuncio da licitación no DOG, BOP, no diario La Voz de Galicia e perfil do contratante deste concello, aprobando o proxecto de explotación do servizo e o prego de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.

2. Para tal efecto publícanse anuncios da licitación no perfil do contratante (24/10/2012), no BOP (24/12/2012), no DOG (25/10/2012), e no diario "La Voz de Galicia" (28/10/2012) nos que se solicitan ofertas de empresas capacitadas para a súa realización.

3. A Mesa Xeral de contratación en sesións celebradas o 20 e 29 de novembro de 2012 analizou a documentación administrativa, resulta que todos os licitadores teñen capacidade suficiente para ser admitidos no procedemento de contratación, agás ZAHOS GESTIÓN, por non cumprir o requisito de estar dado de alta como entidade prestadora de servizos sociais, Cláusula 13.1.O) do PCAP, acordando rexeitar a súa oferta. Ase mesmo, acórdase abrir os sobres que conteñen as propostas cos criterios que dependen dun xuízo de valor e acorda remitir a documentación técnica para o seu informe á responsable técnica do servizo de prestacións de apoio á autonomía e atención á dependencia.

4. En sesión da Mesa Xeral de contratación celebrada o 21 de decembro de 2012, unha vez que se viu o informe que emite a técnica municipal, aprobou as puntuacións aos criterios que depende dun xuízo de valor establecidas no informe da técnica responsable do servizo de prestacións de apoio á autonomía e atención á dependencia, e procédese á apertura das ofertas que conteñen as propostas cos criterios avaliábeis mediante fórmulas. En sesión celebrada o 10 de xaneiro de 2013, unha vez efectuados os oportunos cálculos polo xefe de servizo de economía e facenda, a Mesa Xeral de contratación acorda clasificar as ofertas admitidas á licitación e elevar proposta de adxudicación.

5. O 10 de xaneiro, de conformidade co disposto polo apartado segundo do artigo 151 do texto refundido da lei de contratos do sector público (en adiante, TRLCSP) requiríuse ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que presentara a documentación esixida.

6. No prazo que se estableceu, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adjudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. Comprobouse que non ten débedas en período executivo con este concello.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 160 TRLCSP establece que no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, o órgano competente para a valoración das ofertas formulará a correspondente proposta de adjudicación ao órgano de contratación unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adjudicatario

2. O artigo 151 TRLCSP establece no seu apartado terceiro que a adjudicación deberá realizarse dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O apartado cuarto establece que a adjudicación deberá ser motivada.

En base a todo o que propónse á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

Primeiro.- Excluir do procedemento de adjudicación as ofertas presentadas polos seguintes licitadores, cuxas ofertas non foron admitidas polas razóns que de xeito resumido se expoñen:

Licitador:	Motivo
ZAHUZ GESTIÓN, SL	Non cumprir o requisito de estar dado de alta como entidade prestadora de servizos sociais, Cláusula 13.1,O) do PCAP.

Segundo.- Declarar a validez do acto celebrado e adjudicar a xestión do servizo de axuda a domicilio á empresa AO MAYORES SERVICIOS SOCIALES, S.L., CIF B-15856941, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os criterios de adjudicación que se estableceron, fixando o prezo do servizo ordinario previsto en 13,48€/hora máis IVE, do servizo imprevisto domingo ou festivo en 15,28€/horas máis IVE, das noites completas (entre as 22 de as 8 da mañá, excepcional, en 0.00€/hora e das horas nocturnas illadas (menos de 7 horas entre as 22 e as 8 da mañá ou partidas en dúas quendas) en 15,28€/hora máis IVE, o que fai un total anual de 646.006,44€ (621.160,00€ máis 4% en concepto de IVE), o que fai un total de 2.584.025,60€ nos tres anos de duración do contrato máis 1 de posible prórroga, coa seguinte distribución en anualidades:

2013: 646.006,44€

2014: 646.006,44€

2015: 646.006,44€

2016: 646.006,44€ (no caso de prórroga)

a) En relación cos candidatos descartados, as súas ofertas foron desestimadas polas seguintes razóns, expostas de xeito resumido:

Puntuación fase 1:

Licidador:	a	b.1	b.2	b.3	puntuación criterios fase 1
A0 maiores servicios sociales SL	19	0,5	1,5	8	<b>29</b>
VALORIZA servicios a la dependencia SL	12	0,5	1,5	0	<b>14</b>
INGESAN SAU	10	0,5	0,5	0	<b>11</b>
EULEN servicios sociosanitarios SA	15	0,5	0,5	0,5	<b>16,5</b>
GERIATROS SAU	10	0,5	1,5	0	<b>12</b>

a. Programa calendarizado de formación continuada

b. Outras melloras a valorar

b.1. garantía acreditada da estabilidade dos profesionais de atención directo ós usuarios

b.2. compromiso da empresa licitadora de ofrecer formación e posterior emprego na empresa a persoas insertas nos diversos programas de servizos sociais municipais

b.3. servizos complementarios á propia axuda a domicilio vinculados á atención directa ós usuarios no seu fogar

C.I.F. P-1503100-H

Puntuación fase 2

	puntuación criterios fase 1	capacitación do persoal	medios materiais	xornadas adicionais auxiliares	oferta económica	puntuación criterios fase 2	puntuación fases 1 + 2
A0 Mayores Servicios Sociales SL	<b>29</b>	21,5	20	10	5,25	<b>56,75</b>	<b>85,75</b>
VALORIZA servicios a la dependencia SL	<b>14</b>	21,5	21	10	3,33	<b>55,83</b>	<b>69,83</b>
INGESAN SAU	<b>11</b>	21,5	25	10	1,36	<b>57,86</b>	<b>68,86</b>
EULEN servicios sociosanitarios SA	<b>16,5</b>	21,5	20	10	0,65	<b>52,15</b>	<b>68,65</b>
GERIATROS SAU	<b>12</b>	21,5	21	0	0	<b>42,5</b>	<b>54,5</b>

Terceiro.- Requerir ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a sinatura do contrato.

Cuarto.- De conformidade co disposto polo artigo 151.4 TRLCSP, notificar o presente acordo aos licitadores e publicar a adxudicación no perfil de contratante do órgano de Contratación.

Quinto.- Nomear responsábel dos traballos, á que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa fin de asegurar a correcta execución da prestación pactada, a dona María José Cagiao Vila, xefa de servizo de benestar social.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

C.I.F. P-1503100-H

(Neste intre incorpórase á sesión a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Alicia Ferreiro Varela).

Dáse conta da nota informativa de Secretaría 1/2013, de data 18 de xaneiro de 2013 que, transcrita di:

**“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA**

**1/2013**

Téndose presentado nesta Secretaría ás 14:00 horas do día da data o expediente de contratación da xestión do servizo de axuda a domicilio no que figura informe - proposta do xefe do servizo de economía e facenda de data 18 de xaneiro de 2013 relativa á adxudicación do mesmo e incluído o asunto na orde do día da convocatoria da vindeira sesión da Xunta de Goberno Local a celebrar o 21 de xaneiro de 2013, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades p or esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

A) Desde o punto de vista formal:

O expediente non se atopa numerado nin rubricado en todas as súas follas útiles polo/a funcionario/a encargado/a da súa tramitación, tal e como dispón o artigo 164.2 do R.O.F o que supón un incumprimento do disposto en dito precepto regulamentario, polo que procede subsanar este extremo. En todo caso para dar cumprimento ao disposto n precepto regulamentario citado, por razóns de seguridade xurídica e para garanti-la integridade dos expedientes, todos eles deben estar asinados e rubricados en todas as súas follas útiles.

Non consta no momento do seu exame por esta Secretaría informe de fiscalización da Intervención municipal, polo que o expediente non se atopa concluso, debendo subsanarse con carácter previo a súa resolución.

B)En canto ao fondo do asunto, coas limitacións propias desta nota e as cautelas que se derivan do sinalado no apartado anterior e o escaso tempo hábil con que se contou para o seu exame:

En data 9 de xullo de 2012 pola que subscribe emitiuse informe en relación ao prego de cláusulas administrativas particulares no que, entre outras cousas se sinalou que : “..... Verbo dos primeiros (os dependentes dun xuízo de valor), dado que non consta no prego de cláusulas administrativas, no prego de prescricións técnicas debe figurar dun xeito preciso as prestacións que integran o contrato e a determinación precisa e clara dos medios persoais que consideren suficientes para executa-lo contrato, número mínimo e capacitación dos que interveñan na execución do mesmo . Por outra banda obsérvase, que se ben en cada un dos subapartados se establece os factores a ter en conta na súa avaliación, non se contén a ponderación dos mesmos nin o xeito de asignar a puntuación, , precisión ésta que podería servir tanto de orientación ós interesados á hora de formula-las súas ofertas como de base obxectiva para outorgar unha puntuación determinada, polo que tal e como se plantexan estes criterios, introducen un factor de indeterminación elevado, o que , a xuízo da que subscribe, é contrario ao ordenamento xurídico, pois os aspectos a ter en conta para a adxudicación do contrato deben permitir avalia-las ofertas e comparalas de forma obxectiva.

Polo exposto, a criterio da informante, debe especificarse a puntuación a outorgar en cada un dos subapartados dos criterios e a forma en que se van a avaliar.”

Esta Secretaría se ratifica no informe anteriormente citado, polo que en atención ao sinalado no mesmo informa desfavorablemente a adxudicación do contrato da xestión do servizo de axuda a domicilio á entidade mercantil “AO MAYORES SERVICIOS SOCIALES, S.L.”

Non se estudian os restantes aspectos do expediente por canto ,a xuízo da que subscribe ,non procede, polos motivos expostos, a adxudicación do contrato .

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa unha (1) plana. A presente nota emítese á vista da documentación examinada e non abrangue aspectos que polo escaso tempo hábil con que se contou para o seu exame e pola súa natureza requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas nun informe emitido dacordo co que dispón a normativa de aplicación.”

Dáse conta do informe da Interventora Municipal de data 24 de xaneiro de 2013, que transcrito dí:

“En virtud de lo dispuesto en el artículo 214 del RDL 2/2004, por el que se aprueba el texto refundido de la ley reguladora de las Haciendas Locales, 109.3 de el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, RDL 3/2011, y 318.2 de la ley 5/1997 de la Administración Local de Galicia, se remite a esta Intervención propuesta de adjudicación del expediente tramitado para la contratación mediante procedimiento abierto con multiplicidad de criterios de valoración de la concesión de la gestión del servicio público del servicio de ayuda a domicilio(SAD)

#### LEGISLACIÓN APLICABLE

-Ley 7/ 1985 de Bases del Régimen Local, LBRL.

-Real Decreto 781/1986, por el que se aprueba el Texto Refundido de Disposiciones vigentes en materia de Régimen Local, TRRL.

-Ley 30/1992 de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y Procedimiento Administrativo Común, LRJAPPAC.

-Ley 5/1997 de la Administración Local de Galicia, LALGA.

-Real Decreto legislativo 3/2011 de 16 de noviembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público

-Real Decreto 1098/2001, por el que se aprueba el Reglamento General de Contratos de las Administraciones Públicas, RGCAP.

-Real Decreto 2/2004, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, TRLRHL

#### CONSIDERACIONES

1.-Me remito al informe elaborado en fecha 10/10/12 en el que se fiscaliza favorablemente el expediente de contratación. La tramitación posterior, actuación de la Mesa de contratación y propuesta de adjudicación se ajustan plenamente a la legalidad vigente, por lo que nada tengo que informar al respecto.  
En base a todo lo cual, se llega a la siguiente

#### CONCLUSION

Vistos los antecedentes obrantes y la legislación aplicable, esta Intervención emite informe de carácter FAVORABLE a la propuesta de adjudicación presentada."

C.I.F. P-1503100-H

Ao non producirse intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da alcaldía, de data 18 de xaneiro de 2013, que resulta aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de xaneiro de 2013, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos."

E para que conste, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e para os efectos da súa incorporación ao expediente da súa razón, expido a presente de orde e co visto e prace do sr. alcalde, en Culleredo, a trinta e un de xaneiro do ano dous mil trece.

Vº e prace,  
O Alcalde-Presidente

Asdo.: Julio Sacristán de Diego